

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NA REDE GALEGA DE RESERVAS DE BIOSFERA

REUNIDOS

Dunha parte, Belén María do Campo Piñeiro, directora xeral de Patrimonio Natural da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, habilitada para a formalización deste convenio en virtude da Resolución do 25 de outubro de 2023, de delegación de sinatura da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Doutra parte, Ángeles Vázquez Mejuto, vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en nome e representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, en base ao artigo 8 do Título I dos estatutos do Consorcio relativos ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros para a actualización do anterior polo que se creaba o "Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)".

Ambas as dúas partes recoñécense reciprocamente a capacidade e lexitimación necesarias para subscribir este convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

O artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polos seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante CMATV) de conformidade co establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería; ten as competencias e funcións en materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente.



O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA) creouse por convenio entre a entón Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, en data 5 de decembro de 1997, orientado a establecer un marco adecuado para a difusión cultural e o intercambio científico entre os distintos organismos asinantes do citado convenio, dende a óptica da defensa e a promoción do medio ambiente.

O 22 de setembro de 2000 actualízase o citado convenio a través do convenio de colaboración da entón Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, e créase para a xestión deste, segundo a súa cláusula terceira, un consorcio, de conformidade co establecido no artigo 7 da extinta Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente, á realización de actividades de cualificación de técnicos en educación ambiental, así como colaborar, dentro do seu ámbito de actuación.

Na cláusula segunda do convenio antes indicado de 5 de decembro de 1997, actualizado o 22 de setembro de 2000, establécese que poderá completar as actividades desenvolvidas pola CMATV nas materias de información, formación e educación ambiental.

O CEIDA cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

Á vista do exposto, a CMATV e o CEIDA establecen un convenio de mutua colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CMATV e o CEIDA para a realización de actuacións de dinamización, sensibilización, divulgación, formación e comunicación, así como de educación ambiental e de asesoramento e documentación da Rede galega de reservas da biosfera que se detallan no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A CMATV asume os seguintes compromisos:

- a) Dirixir e coordinar as actuacións necesarias para a realización das accións obxecto deste convenio.
- b) Aportar as cantidades previstas na cláusula cuarta.



O CEIDA asume os seguintes compromisos:

- a) Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no anexo deste convenio.
- b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.
- c) Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

TERCEIRA.-COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento deste convenio crearase unha comisión mixta formada por dous representantes de cada unha das partes.

Esta Comisión Mixta de Seguimento desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura do convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Propoñer adendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
- b) Seguimento das actividades contempladas neste convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse para establecer o calendario de traballo e as actuacións específicas que se vaian realizar, para acordar as posibles modificacións das accións previstas, así como para o seguimento desta planificación.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A CMATV achega, á finalidade deste convenio, a cantidade de noventa mil euros **(90.000,00 €)** que se financia con cargo á partida orzamentaria 06.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, no código de proxecto 2016 00362.

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro. En consecuencia, o CEIDA, na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Xustificar ante a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.



3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV ou a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, o CEIDA asume como beneficiario as seguintes obrigas:

1. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións, deberá xustificar á CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades establecidas neste convenio e se realicen durante o período de vixencia deste.

Os pagamentos efectuaranse conforme ao que establecen os artigos 62 e 65.4f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Pagamento parcial dos gastos realizados polo CEIDA, sendo preciso que antes do 16 de xullo 2024 se acheguen os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos, xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

- Pagamento final unha vez xustificadas os gastos comprensivos do resto do importe deste convenio. Para estes efectos, presentará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos, xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas a partir do 16 de xullo do ano 2024 e ata a data de fin da vixencia deste convenio (20 de novembro de 2024).

2. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3. Comunicar á CMATV, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedese, a modificación das condicións establecidas neste convenio.



De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

4. Reintegrar á CMATV, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 20 de decembro de 2024.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar este convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

OITAVA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase, de mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera destas das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscrición do convenio.

NOVENA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, correspondéndolle o coñecemento das cuestións que puidesen xurdir sobre a súa interpretación, execución ou cumprimento á CMATV.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non recollido neste convenio, no que ao réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten nel e mais o resto de especificacións contidas neste, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).





UNDÉCIMA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica ningunha relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a CMATV, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA.- TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE GASTO

Este convenio tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

E, en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes este convenio, no lugar e data da sinatura dixital.

Polo CEIDA

A presidenta

Ángeles Vázquez Mejuto

Pola vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

Por delegación de sinatura. (Resolución do
25/10/2023)

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén María do Campo Piñeiro



ANEXO GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

BLOQUE I: CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN TORNO Á FIGURA DE RESERVAS DE BIOSFERA

Actuacións a desenvolver:

- Coordinación e dinamización da Rede Galega de Reservas da Biosfera
- Encontro Internacional de Reservas de Biosfera
- VI Xornada sobre as mulleres relevantes no territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Importe: 38.500 €

BLOQUE II: CAMPAÑA FORMATIVA E DE COMUNICACIÓN SOBRE A IMPORTANCIA DAS ÁREAS PROTEXIDAS

Actuacións a desenvolver:

- Xornada formativa sobre gobernanza e xestión en áreas protexidas
- III Xornadas: A Práctica da Interpretación do Patrimonio
- Curso Experiencias de Ecoturismo en Áreas Protexidas
- Obradoiros doutras formas de achegarse á Natureza: Literatura, Arte e Natureza

Importe: 18.500 €

BLOQUE III: DIVULGACIÓN E COMUNICACIÓN SOBRE OS VALORES NATURAIS DE GALICIA A TRAVÉS DE EXPOSICIÓNS ITINERANTES

As exposicións cedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural son:

- Galicia, Conservando a Natureza
- Aves de Galicia
- Galicia, Biodiversidade
- Os Ecosistemas Dunares
- Rede Natura 2000 en Galicia

Actuacións a desenvolver

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



- Divulgación a través da páxina web do CEIDA, dos medios de comunicación e das redes sociais da oferta de exposicións itinerantes
- Xestión do servizo de préstamo e dos formularios de solicitude e cesión
- Asesoramento didáctico ás entidades solicitantes
- Renovación de contidos e de soportes expositivos

Importe: 11.000 €

BLOQUE IV: PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLES (ODS)

Actuacións a desenvolver:

- Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA)
- Curso de Educación Ambiental presencial/online
- Curso sobre novas ferramentas para a Educación Ambiental

Importe: 10.000 €

BLOQUE V: ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Actuacións a desenvolver:

- Asesoramento ás entidades solicitantes
- Maletas viaxeiras:
 - Maletas Naturalistas COÑECE O PATRIMONIO NATURAL GALEGO
 - Maletas Literarias: CONTOS PARA UN PLANETA
- Butaca Verde
 - Esta actividade ofrece en préstamo 20 documentais que recollen algunhas das principais problemáticas ambientais e sociais dos nosos días.

Ecomenú literario:

- Observar, sentir, marabillarse coa natureza a través da literatura e das palabras.
 - Crear un espazo para a lectura colectiva e a reflexión.
 - Dar a coñecer os fondos do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga e captar novas persoas usuarias.
- Clube de lectura verde



- A actividade permitirá debater e reflexionar sobre cuestións ambientais que nos afectan no día a día, aproveitando que a literatura de natureza é un xénero en alza que é necesario dar a coñecer

- Biblioteca de Sementes

- O servizo consiste en que os usuarios levan en préstamo unha semente, e manteñen o compromiso de sementala, coidar a planta e cando esta creza e se reproduza, devolver á biblioteca outra semente da mesma, de modo que o banco de sementes sempre conte con exemplares

Importe: 12.000 €

